



DATOS IDENTIFICATIVOS

Introdución á literatura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Introdución á literatura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G181V01206			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	1c
Lingua de impartición	Galego Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Bringas López, Ana María			
Profesorado	Bringas López, Ana María			
Correo-e	abringas@uvigo.gal			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia achega un panorama xeral da historia da literatura en lingua inglesa nas Illas Británicas, introducindo os movementos e autoras e autores máis relevantes no seu marco histórico e cultural.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B6	Capacidade de apreciar outras culturas e competencia para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
C2	Capacidade de identificar as principais achegas teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
C3	Capacidade de adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nas principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como de sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
C5	Capacidade de adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
C6	Capacidade de construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
C7	Habilidade para participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
C8	Capacidade de formular razoamentos críticos con respecto aos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria que transcenda a mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
C9	Capacidade de planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de maneira eficaz e válida, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.

C11	Habilidade para visibilizar e poñer en valor as achegas feitas polas mulleres á literatura e a cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, capacidade de identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
C12	Habilidade para utilizar de forma competente as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento e comprensión de autoras/es, obras e movementos representativos da literatura do primeiro idioma estranxeiro.	A1	B1	C2 C3	D1
Desenvolvemento de hábitos críticos que permitan explorar os textos de xeito autónomo e creativo.	A1	B8	C6 C8	D1
Valoración das contribucións feitas polas mulleres e as minorías na expresión literaria do primeiro idioma estranxeiro.		B6	C7 C11	D1
Comprensión dos conceptos fundamentais relacionados coa creación e a análise dos textos literarios.		B1	C3 C5 C8	
Adquisición dun método de comentario de texto que permita a análise para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva aos textos.		B8	C6 C7 C8 C9	
Eficacia na consulta de fontes bibliográficas con un certo grao de autonomía e a súa posterior utilización en exposicións ou argumentacións en torno a temas literarios.			C8 C11 C12	
Iniciación á investigación literaria mediante a realización de traballos específicos que fomenten a escritura científica sobre os temas literarios.		B8	C8 C9 C11 C12	D1

Contidos

Tema	
UNIT 1. THE ORIGINS OF LITERATURE IN ENGLISH	1.1. The Old English literary culture: heroism and Christianity 1.2. Orality and writing in Anglo-Saxon England: verse and prose 1.3. From epic to romance: the Arthurian Matter 1.4. Ricardian poetry: Geoffrey Chaucer 1.5. The beginning of drama: mystery and morality plays
UNIT 2. THE RENAISSANCE	2.1. Humanist culture and religious Reformation 2.2. Lyrical modernity: English poetry from Petrarchanism to the Metaphysical poets 2.3. Renaissance drama: genres, texts and performance. William Shakespeare
UNIT 3. THE LONG 18th-CENTURY: RESTORATION AND ENLIGHTENMENT	3.1. The Restoration and the intellectual origins of Enlightenment: science, philosophy, politics and aesthetics 3.2. The origins of the English novel
UNIT 4: FROM ROMANTICISM TO REALISM	4.1. Theoretical bases of Romanticism 4.2. Romantic poetry and fiction. Jane Austen 4.3. Literature and society in the Victorian period: Realism and Naturalism
UNIT 5. MODERNISM AND POSTMODERNITY: CONTEMPORARY LITERATURE	5.1. Historical context and literature in the 20th and 21st centuries 5.2. Modernist poetry and fiction 5.3. Beyond realism: narrative experimentation 5.4. Multicultural Britain today
	N.B. En cada unidade do temario analizarase unha selección de textos literarios, que estarán a disposición do alumnado na plataforma de teledocencia Moovi ou serán fornecidos pola profesora.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	36	39	75
Traballo tutelado	36	36	72
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	21	23
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	21	23

Traballo	0	30	30
----------	---	----	----

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición en lingua inglesa por parte da profesora dos contidos teóricos da materia.
Traballo tutelado	Exercicios prácticos e comentarios de texto realizados polo alumnado, individualmente ou en grupo, baixo a dirección e supervisión da profesora. Poderán ser tanto orais coma escritos e neles o alumnado deberá aplicar os contidos teóricos expostos nas sesións maxistrais. Nas sesións prácticas de comentario de textos, empregárase a lingua galega.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial durante o horario de titorías e en modalidade virtual a través das ferramentas que ofrece a plataforma de teledocencia e o Campus Remoto. Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Probas	Descrición
Traballo	O alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial durante o horario de titorías e en modalidade virtual a través das ferramentas que ofrece a plataforma de teledocencia e o Campus Remoto. Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame parcial na semana 7 de aulas sobre os contidos vistos até ese momento. Na avaliación desta proba terase en conta tanto o contido das respostas coma a súa correcta expresión lingüística e presentación formal.	40	A1 B6 C2 D1 B8 C3 C6 C8 C11
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame parcial sobre o resto de contidos do temario. Realízase na derradeira semana de aulas. Na avaliación desta proba terase en conta tanto o contido das respostas coma a súa correcta expresión lingüística e presentación formal.	40	A1 B6 C2 D1 B8 C3 C6 C8 C11
Traballo	Un traballo individual escrito sobre un texto proposto pola profesora. As especificidades do traballo (contido, extensión, data de entrega...) serán explicadas na aula ao comezo do cuadrimestre.	20	A1 B1 C2 D1 B6 C3 C5 C6 C7 C8 C9 C11 C12

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Na primeira edición de actas a avaliación por defecto será continua (segundo o especificado arriba). Excepcionalmente, o alumnado que, por motivos xustificadas, non poida seguir a avaliación continua poderá optar polo sistema de avaliación única detallado embaixo. Este alumnado deberá comunicarlle a situación á profesora durante as dúas primeiras semanas de aulas.

A realización da primeira proba parcial implica a aceptación do sistema de avaliación continua por parte do alumnado. O alumnado avaliado mediante o sistema de avaliación continua non poderá presentarse ao exame final e a súa nota da primeira edición de actas corresponderá ao cálculo feito a partir das notas obtidas nas tres probas obrigatorias (exames

parciais e traballo escrito).

Avaliación continua

É obrigatorio realizar as tres probas de avaliación previstas (consonte ao descrito máis arriba). De non ser así, non se realizará o cálculo final, a/o estudante obterá un suspenso e deberá presentarse ás probas non realizadas na segunda edición de actas. Se un/ha alumna/o, por causas de forza maior debidamente xustificadas, non puidese realizar algún dos exames parciais, deberá poñelo en coñecemento da profesora, con anterioridade á data da súa realización.

O primeiro exame parcial terá lugar na semana 7 de aulas, sobre os contidos vistos até ese momento, e o segundo exame parcial realizarase na derradeira semana de aulas, sobre o resto de contidos do temario. Ambas as dúas datas serán anunciadas na aula. A cualificación obtida en cada exame parcial computará polo 40% da cualificación final. O 20% restante corresponderá ao traballo escrito.

Para superar a materia é preciso acadar unha nota global de 5 (cunha nota mínima de 5 en cada proba). No caso de que a cualificación do primeiro parcial sexa inferior a 5, a/o estudante deberá repetir esa parte do temario mediante un exame de recuperación que se celebrará na data do exame oficial. Cando a media de todas as partes da avaliación sexa superior a 5 pero algunha das partes teña unha nota inferior a 5, a cualificación da acta será de 4 (Suspenso).

Todas as probas se cualificarán tendo en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa correcta expresión lingüística (oral e/ou escrita) e presentación formal. A existencia de erros lingüísticos graves reiterados será motivo dunha penalización de 1 punto na cualificación final dos exames parciais e de 2 puntos na do traballo escrito. Igualmente, unha deficiente presentación formal no exame (ausencia de marxes, mala caligrafía, texto riscado etc) causará unha penalización do 10% na cualificación final da proba.

Avaliación única

Constará dun exame único baseado na totalidade dos contidos da materia e a súa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar na data oficial establecida no calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade. A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posíbel, o cal se recomenda encarecidamente. O alumnado que siga esta modalidade de avaliación será responsábel de manter un contacto continuado coa materia a través de Moovi.

O exame cualificarase tendo en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa correcta expresión lingüística (oral e/ou escrita) e presentación formal. A existencia de erros lingüísticos graves reiterados será motivo dunha penalización de 1 punto na cualificación final do exame. Igualmente, unha deficiente presentación formal (ausencia de marxes, mala caligrafía, texto riscado etc) causará unha penalización do 10% na cualificación final.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XUÑO-XULLO)

Na segunda edición de actas, o alumnado de avaliación continua deberá repetir unicamente aquelas probas non superadas na primeira edición. O alumnado de avaliación única será avaliado mediante un exame global baseado nos contidos da materia, cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar na data oficial de xuño ou xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

Os criterios de cualificación da primeira edición de actas serán de aplicación tamén na segunda edición de actas.

OBSERVACIÓNS XERAIS

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un suspenso directo da materia na súa totalidade. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais dispoñíbeis na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións). Igualmente, é responsabilidade do alumnado estar ao tanto das datas de realización das diferentes probas de avaliación.

Recoméndase firmemente que o alumnado asista ás aulas e titorías con regularidade e se implique activamente no seu proceso de aprendizaxe.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Carter, Ronald and John McRae, **The Routledge History of Literature in English**, 3rd ed., Routledge, 2017

Bibliografía Complementaria

Alexander, Michael, **A History of English Literature**, 3rd ed., Palgrave Macmillan, 2013

- Gilbert, Sandra M. and Susan Gubar, eds., **The Norton Anthology of Literature by Women. The Traditions in English**, 3rd ed., W.W. Norton & Company, 2007
- Greenblatt, Stephen, gen. ed., **The Norton Anthology of English Literature (v.1-3)**, 9th ed., W.W. Norton & Company, 2012
- Hawkins-Dady, Mark, ed., **Reader's Guide to Literature in English**, 1st ed., Fitzroy Dearborn Publishers, 1996
- Head, Dominic, ed., **The Cambridge Guide to Literature in English**, 3rd ed., Cambridge University Press, 2006
- Marcus, Laura and Peter Nichols, **The Cambridge History of Twentieth-Century English Literature**, 1st ed., Cambridge University Press, 2004
- Peck, John and Martin Coyle, **A Brief History of English Literature**, 2nd ed., Palgrave, 2013
- Rogers, Pat, ed., **An Outline of English Literature**, 2nd ed., Oxford University Press, 1998
- Rogers, Pat, ed., **The Oxford Illustrated History of English Literature**, 1st ed., Oxford University Press, 2001
- Sage, Lorna, ed., **The Cambridge Guide to Women's Writing in English**, 1st ed., Cambridge University Press, 1999
- Sanders, Andrew, **The Short Oxford History of English Literature**, 3rd ed., Clarendon Press, 2004
- Shaw, Marion, ed., **An Introduction to Women's Writing: From the Middle Ages to the Present Day**, 1st ed., Prentice Hall, 1998
- Shepherd, Simon and Peter Womack, **English Drama: A Cultural History**, 1st ed., Blackwell, 1996
- Stephen, Martin, **English Literature: A Student Guide**, 3rd ed., Longman, 2013
- Stevenson, Jane, **Women Writers in English Literature**, 1st ed., Longman, 1993
- Thomson, Peter, **The Cambridge Introduction to English Theatre: 1660-1900**, 1st ed., Cambridge University Press, 2006
- Varlow, Sally, **A Reader's Guide to Writers in Britain: An Enchanting Tour of Literary Landscapes and Shrines**, 1st ed., Prion Books, 1996
- Ward, A.W., et al., eds., **The Cambridge History of English and American Literature: An Encyclopedia in 18 volumes**, 1st ed., Cambridge University Press, 2000
- Widdowson, Peter, **The Palgrave Guide to English Literature and its Contexts, 1500-2000**, 1st ed., Palgrave Macmillan, 2004
- Wolfreys, Julian, **The English Literature Companion**, 1st ed., Palgrave, 2011

Recomendacións

Outros comentarios

- A asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento clave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a presenza e participación activa na aula.
- Para superar a materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como nas horas de traballo persoal fóra da aula. Xa que logo, recoméndase firmemente o estudo diario da materia, así como a lectura atenta de todos os materiais literarios e teórico-críticos proporcionados ao longo do desenvolvemento das aulas.
- Recoméndase igualmente facer uso dos recursos da Biblioteca, tanto electrónicos coma en papel.
- O alumnado deberá ter acceso a Moovi e consultar o espazo web da materia con regularidade, xa que éste será o medio principal de comunicación e de entrega de materiais de lectura por parte da profesora.
- É responsabilidade do alumnado estar ao tanto das datas das probas de avaliación.
- A avaliación de cada proba terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a corrección lingüística e a presentación formal.
- A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un suspenso directo da materia na súa totalidade. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.
- Non se permite o uso de ningún dispositivo electrónico (tabletas, portátiles e teléfonos móbiles) durante as aulas.
- O alumnado deberá observar unhas normas básicas de decoro durante as aulas: chegar con puntualidade e non abandonar a aula até o remate da clase, manter unha postura axeitada e non comer durante o desenvolvemento da clase.

INFORMATION OF INTEREST FOR EXCHANGE STUDENTS:

- Students from areas not related to English Studies will not be admitted to the course.
- The minimum English level required to enter this course is B2.
- The Galician language will be employed for the discussion of texts in the practical classes.
- The use of electronic devices (tablets, laptops and mobile phones) is strictly forbidden during the classes.
- Students are expected to observe some basic classroom decorum, which includes arriving on time, not leaving the classroom until the end of the class, keeping an appropriate posture, and not eating during the class.
- Students must be aware that no alternative date to the official resit exam dates will be provided, so it is their responsibility to remain in Vigo until the official exam date in June/July.